

Conversando de novo co meu pai na vosa presenza

Unha vez máis falo en voz alta co meu pai na vosa presenza. É este un falar compartido, público, que me fai reflexionar sobre as frecuentes conversas que teño con el, como se espera da boa relación entre pai e fillo que nos une. Esta nova conversa coincide coa XX Edición do Certame Manuel Oreste Rodríguez López e coa presente publicación especial en Internet sobre o poeta de Paradela no vintecinco cabodano do seu pasamento.

Pai, tras estes 25 anos queda claro contigo que lembrarte, lembrar a Manuel Rodríguez López, non é vivir dun recordo pasado. A túa vida e obra son alicerces cheos de mensaxes e reflexións vitais que se fan experiencia e consello ó ser recordadas e descubertas. Unha estrofa dun poema, un párrafo dunha narración, fragmentos dunha crónica, extractos sonoros dunha entrevista na radio ou na televisión, son legados vivos que nos deixaches, cos que me ensinas da túa man a crecer como ti creciches, a sentir o que ti sentiches e a aprender da túa experiencia.

No mundo que che tocou vivir no que non existían as facilidades de almacenamento de información que hoxe temos, soubeches empregar de forma eficaz os medios ó teu alcance para transmitir o teu sentir. Os teus escritos, en forma de libros publicados e inéditos xunto con innumerables poesías, crónicas, artigos e narracións, immortalizan o teu espacio vital, facéndoo accesible para calquer tempo. A túa correspondencia epistolar, predecesora dos correos electrónicos do noso hoxe, é unha importante colección de anxeios, vivencias e sentimentos que manteñen vivo o teu espírito. Dende as cartas iniciais con Ramón Cabanillas, co Pai Rubinos e con Otero Pedrayo ata as derradeiras cartas familiares, existe un microcosmos de información co que se pode reconstruír o teu cómo, o teu porqué e o teu cando, para dar sentido pleno ó noso mañán.

A iso hai que unirlle as reflexións dos teus amigos e admiradores encol da túa vida e obra, que lle dan á túa memoria unha dimensión especial que nos permite comprender mellor o teu pasado, o teu presente e o teu futuro. A amizade compartida que regalaches e recibiches dos teus verdadeiros amigos e amigas transformouse nestes 25 anos en actos tanxibles e intanxibles que ti aproveitaches para crecer aínda máis como escritor e como persoa.

Porque é certo que nestes últimos 25 anos cambiouche a vida. Qué ledicia poderte ver vivindo preto do lugar do teu nacemento en Randulfe. Cómo gorentas o vento fresqueiro da túa parroquia de San Miguel de Paradela nos meses nos que noutrora vivías na tamén querida e acolledora Barcelona. Qué

xusticia que, por fin, teñas un traballo fixo na capitalidade de Paradela, na túa casa que tanto ansiaches, adicándote en exclusiva a ser embaixador da patria dos teus antergos por medio dun certame literario galego e internacional que leva o teu nome. Qué honra que, ademais, sexas recoñecido polos paradelenses como un dos Fillos Predilectos desta terra de xentes nobres e xenerosas. Qué orgullo saber que o teu nome estará ligado por sempre a Paradela, a capital da túa Galicia ideal. E qué gratitude, a túa e a nosa, cara todos os paradelenses que fan isto posible, en especial, grazas ó teu amigo, conveciño e alcalde, José Manuel Mato Díaz.

Ademais de darche para ti casa, traballo e o maior recoñecemento do Concello de Paradela, ti ben sabes que moitos outros contribúen a engrandecer a túa memoria dándoche novas oportunidades que ti sabes aproveitar. En representación de todos eles destacan Xulio Xiz e Antonio Giz. Estes dous amigos verdadeiros de GaliciaDixital, co apoio do Concello de Paradela, a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo, o Concello de Lugo e a Real Academia Galega, iniciaron hai tres anos un Proxecto maiúsculo para honrarte aínda máis, para diseminar globalmente a túa vida e obra. Imaxino que tiveches que asistir a algún cursillo rápido de informática para navegar pola túa páxina web e sei que quedaches admirado de ver nunha pantalla a infinidade de escritos que tanto traballo che costou encarnar en papel coa túa máquina de escribir. Ou os audios que recopilaches en vida e que agora, pola maxia da técnica, convertéronse en mp3. Cántas xigas de novos escritos estarás a producir no ceo dos galegos, así bautizado polo amigo Xulio Xiz, esperando por nós, para cando as nosas almas compartan novas ilusións inimaxinadas... Ben sei que a túa mediación, tocando o espírito dos teus amigos en vida e de novos amigos que non te coñeceron personalmente, axúdalles a verquer sentimentos nos seus ordenadores, dando como resultado emotivos escritos que, como non, podemos ver na túa web, verdadeira enciclopedia do teu vivir completamente accesible no mundo enteiro.

Tras estes 25 anos, pai, queda claro contigo que non eres unha ilusión irreal. Segues ilusionándonos co teu onte vivencial encarnado no noso hoxe e proxectado nun futuro que agardamos che teña reservado un lugar de recoñecemento como do que agora disfrutas. Proba de que segues a ilusionarnos é esta publicación en torno á túa vida e obra. A miña gratitude para todos os que nela participan e para todos ós que dun xeito ou outro, algúns deles xa falecidos, contribuíron a manter vivo o teu recordo. E sobre todo grazas a ti, pai, por facer posible que lembrarte non sexa vivir dun recordo pasado e por seguir ilusionándonos mediante a realidade do teu exemplo feito prosa e poesía.

Santiago Rodríguez López